

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: Sala de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 9 de abril de 2026

Hora de comezo: 9:30 h

Hora de remate: 11:00 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Marta Conde Sieira (responsable de calidade dos PD en Ciencias Mariñas)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

Ángeles Parrilla Latas (excusa)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Seguimento do Proceso de Persoal Docente
4. Seguimento do Proceso de Recursos materiais e servizos
5. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores

Apróbanse por asentimento a acta da sesión da Comisión de Calidade da EIDO do 26 de febreiro de 2026.

2. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO informa da situación dos programas de verificación, acreditación, modificación e seguimento dos programas de doutoramento (PD):

- Prosegue o proceso de verificación do PD en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial: Non se recibiron alegacións durante o prazo de exposición pública e realizouse a revisión técnica por parte da EIDO e do Servizo de Posgrao, polo que está pendente de recibirse a versión definitiva para someter a aprobación do Comité de Dirección.
- Continúa o proceso de avaliación das modificacións substanciais de memorias e recibíronse solicitudes de información complementaria (en concreto, información mais explícita sobre os cambios de cada memoria).
- Recibiuse informe provisional favorable de seguimento para o PD en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo, ao que se realizarán alegacións.

O subdirector tamén informa dos seguintes puntos:

- Disponibilidade dos indicadores actualizados dos PD, xa engadidos nas páxinas de cada programa na web da EIDO, e que se está traballando na elaboración dos indicadores dos programas interuniversitarios.
- Avance na elaboración dos indicadores do novo catálogo coa colaboración da Unidade de Análises e Programas e os servizos informáticos. A disponibilidade destes indicadores permite tamén avanzar na elaboración da memoria da EIDO do curso 2024/2025 que se tratará nunha vindeira Comisión de Calidade e a posta en marcha do novo proceso de seguimento anual incluído no Manual de Calidade.

- Peche do plan de accións de mellora dos SGC xa que a maioría das accións xa foron realizadas e incorporadas aos novos procedementos
- Presentación para alegacións da nova Guía de Certificación de SGC de centros elaborada pola ACSUG incluíndo aspectos de doutoramento e que, posiblemente, será aplicada na vindeira certificación do SGC da EIDO. Dende a Área de Calidade se presentarán alegacións.

3. Seguimento do Proceso de Persoal Docente

O subdirector da EIDO presenta un resumo do Proceso de Persoal Docente incluído no SGC da EIDO (proceso orixinal sen modificacións) que establece a participación da Comisión de Calidade na análise das necesidades de formación do persoal docente vinculado aos programa de doutoramento. O subdirector indica que ata agora non se teñen identificado necesidades que requiran accións formativas específicas mais alá das que están dispoñibles na universidade para todo o persoal docente e que nos informes de renovación de acreditación ou seguimento dos PDs tampouco se teñen indicado estas necesidades.

Varios membros da comisión introduciron algúns temas que si poderían ser de interese a pesar de que non se teñan manifestado previamente de forma explícita como o uso da intelixencia artificial ou ter formación específica para docentes como directores ou titores de tese e acordouse estudar a posibilidade de establecer un obradoiro para intercambio de experiencias e mellorar a difusión dos recursos formativos dispoñibles, por exemplo, os asociados ao programa HR.

4. Seguimento do Proceso de Recursos materiais e servizos

Como no punto anterior, o subdirector da EIDO presenta un resumo do Proceso de Recursos Materiais e Servizos incluído no SGC da EIDO (proceso orixinal sen modificacións) que establece a participación da Comisión de Calidade na análise e avaliación dos resultados sobre recursos materiais e servizos directamente relacionados cos PD e a toma de accións de mellora sobre os recursos materiais e os servizos de doutoramento. O subdirector indica que a información dispoñible non apunta a necesidades específicas sen cubrir xa que os recursos xestionados directamente dende a EIDO destínanse á financiación da mobilidade dos doutorandos e repártese aos PDs seguindo acordos que se toman en Comisión Permanente e Comité de Dirección por unanimidade, os informes de acreditación e seguimento valoran positivamente os recursos dispoñibles dos PD, non existen QSP relacionadas cos recursos e as enquisas de satisfacción tamén amosan valoracións positivas dos recursos dispoñibles.

Tras un pequeno debate no que, de maneira xeral se reafirmou a falta de necesidades significativas e mesmo indicouse que os indicadores de financiación predoutoral e posdoutoral tamén son bastante positivos, acordouse solicitar unha sala específica para a defensa de teses doutorais que poda ser de uso común para todos os PD.

5. Rolda aberta de intervencións

O técnico de calidade Miguel Dorribo intervéñ para recordar a necesidade da posta en marcha dos grupo de análise das enquisas de satisfacción de estudantes e PAS.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 09/04/2026

1. En relación co seguimento do Proceso de Persoal Docente, estudar a posibilidade de establecer un obradoiro para intercambio de experiencias e mellorar a difusión dos recursos formativos dispoñibles.

2. En relación co seguimento do Proceso de Recursos Materiais e Servizos, solicitar a preparación dunha sala específica de uso común para a defensa de teses doutorais.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e praxe
O presidente